

U.D.C. NARAHÍO



años de historia



1974 - 2014

SAÚDA DO PRESIDENTE



É para min unha honra dirixirme a todas e todos como Presidente deste modesto pero significativo clube que representa a UDC Narahío, no 40º aniversario dos seus comezos como agrupación deportiva federada, representando sempre á parroquia de mesmo nome na que sempre estivo radicado cun orgullo digno de mención.

Levo integrado na disciplina da UDC Narahío máis de 20 anos (todos como xogador) e teño que recoñecer que as amizades subxacentes da relación e convivencia nestes anos con directivos, xogadores, adestradores e veciños en xeral, son parte dunha realidade que marca grande parte da miña vida. Seguir ligado como Presidente dunha entidade onde autoridades coma Olegario Carballo, Julio Santos, Manuel Soto, Lisardo López, José Antonio Grandal, Secundino García ou o meu querido amigo Manuel Angel Vigo Mera (por poñer só algúns exemplos) deixaron o seu selo persoal en forma de dedicación e traballo pola supervivencia deste clube, impregna en min un alto grado de responsabilidade polo cometido confiado por unha serie de compañeiros e amigos a principios desta tempada. Non é xusto pola miña parte non poder nomear nestas verbas a moitas máis persoas que son referentes na historia desta entidade, pero todas e todos os que coñecemos algo da historia da UDC Narahío témolos presentes e temos conta de que quedarán retratados nela.

Dende eiquí quero agradecer dun xeito enfervorecido a todas aquelas persoas que participaron nestes corenta anos no desenvolvemento da entidade (xogadores, adestradores, directivos e colaboradores en xeral) o seu compromiso en maior ou menor grao e a súa dedicación sempre honesta nos seus cometidos. Quero deixar patente o esforzo e traballo desinteresado realizado con agarimo por todas elas e dedicarlles as verbas introdutorias desta publicación e todos os actos conmemorativos desta celebración.

Xesus Soto

Presidente da U.D.C. Narahío

SAÚDA DO ALCALDE



Benqueridos amigos e amigas:

Quero felicitar e agradecer, como alcalde de San Sadurniño, a toda a xente que fixo posible que unha entidade coma a UDC Narahío chegue aos nosos días e poder festexar os 40 anos da súa fundación. Directivos, xogadores e afición fixeron posible que aquel soño dun grupo persoas, nos primeiros anos da década dos setenta do século pasado, siga vivo.

Non foi unha tarefa facil pero a ilusión e o traballo desinteresado de moitas persoas conseguen que a UDC Narahío chegara aos nosos días e gozara de boa saúde.

Nomear a toda esa xente sería unha tarefa imposible xa que foron moitos pero quero acordarme especialmete de todas aquelas persoas que hoxe xa non están con nós e que seguro estarían disfrutando desta celebración. Persoas como Manolo da taberna, Jesús de Puentes, Manuel de Francisco, Floro de Cabanas, José de Lameira, Pancho de Liñares, Veiga, Luis de Pedroso ou Cobelo.

Polo Naraío pasaron lendas do Fútbol comarcal que estou seguro que se colleran os tempos actuais estarían na élite do balonpé. Pero tocoulles a época das botas Marco, dos campos enlamados e dos balóns que che doía a cabeza unha semana despois de darlles coa testa; Japonillo, Taino, Bacarroxo, Fernando Lamas, Lecio, Mundo de Recemel, Alberto da Toca, Pouso, Alvariño, Gil, Juan Castrillón, Gelín, Cascudo... Nesta relación de grandes xogadores tamén quería nomear aos que sendo de Naraío marcaron unha etapa neste clube; Pepiño das Cancelas, Soto, Benxamín, Geronín, Nito...

Por todo isto e moito máis o Narahío é xa un dos clásicos da comarca e desexo que o siga sendo tamén nos vindeiros 40 anos.

Decía Jorge Valdano que o fútbol é o máis importante entre as cousas menos importantes, polo tanto que un clube de fútbol cumpra anos é algo que non se pode deixar de festexar. Estou seguro que na Veiga o vindeiro día 26 de abril festexarémolo como a ocasión o require

Unha aperta

Secundino García

Alcalde de San Sadurniño



1970
Arriba: Pepiño, Fernando, Camilo, Juan, Luciano, Manolo.
Agachados: Gervasio, Bonifacio, Pita, Alfonso, Antonio.



1971
De pé: Fernando, Otero, Camilo, Juan, Lecio, Miro.
Agachados: Gervasio, Castro, Alfonso, Tonucho, Moro, Tone, Tonio.



1971
De pé: Fernando, Lecio, Otero, Juan, Gervasio, Manolo (Presidente), Camilo, Manolo (adestrador), Olegario.
Agachados: Luis, Pepe, , Castro, Tonucho, Lamas, Alfonso, Antonio.

López con el fin de organizar y unirles, de manera que se pueda realizar esta clase de deporte que es el fútbol y otros deportes más, y poniéndose al frente el citado párroco y promotor para comprar un campo de unos 16 ferrados en el sitio conocido con el nombre de (Veiga) por el precio combenido con el vendedor con la cantidad de ciento setenta y cinco mil pesetas, para que la juventud de esta parroquia pueda sentirse más unida y más alegre y al mismo tiempo más fuerte por el deporte que tanto se venía esperando en esta parroquia que es "NARAHÍO" con fama histórica, que posee en puente romano y un castillo también romano y por lo tanto se le puso esas dos obras romanas al escudo de la "Unión Deportiva Narahío" y con el cual lo llevamos siempre metido en el corazón." Posteriormente, o 18 de outubro dese mesmo ano elíxese a 1ª directiva da entidade, composta polos seguintes membros:

Ver páxina seguinte

40 ANOS DE HISTORIA

A UDC Narahío

conmemora nestas datas 40 anos dende a adquisición en propiedade do campo de fútbol actual, nun primeiro intre denominado Ladra López (en referencia ao promotor da compra do mesmo e que exercía xa daquela as funcións de párroco de Narahío), e posteriormente A Veiga, que continúa sendo a denominación actual. O terreo adquirido inicialmente polo citado párroco, foi comprado pola entidade previo acordo da Asamblea Xeral do 7 de maio de 1974, que facultaba ao daquela Presidente

Julio Santos Rodríguez "para comprar el terreno del campo de deportes del Narahío, cuyo nombre actual es el de campo "Ladra López"; el citado presidente comprará el referido terreno en este concepto y facultad, significando que a su cese como tal presidente, el que lo sustituya administrará y tomará todas las decisiones pertinentes en relación al referido bien, de acuerdo siempre con la decisión o acuerdo de la Junta Directiva. Hacemos constar que este terreno, que compramos los vecinos de esta parroquia, cuyos nombres se anun-

ciarán y socios del club que aún no siendo vecinos de esta parroquia colaboran en su compra, queremos que sea siempre dedicado como lugar recreativo y cultural de la misma."

Pero a historia material da UDC Narahío é un pouco máis longa. Así, o 16 de xuño de 1971, tal e como quedou reseñado no libro de actas da entidade, "...habiéndose convocado una reunión entre los jóvenes de dicha parroquia, en salón parroquial con el actual cura de la misma, **Don José M^a Ladra**



1973 - PRIMEIRO EQUIPO FEDERADO

Presidente:
D. Manuel Soto Álvarez.
Vicepresidente:
D. José M^a. Ladra López.
Secretario:
Manuel López Galdo.
Vicesecretario:
Olegario Carballo Dopico.
Tesorero:
D. Francisco García Álvarez.
Vocales: D. Pablo Pico Piñeiro, D. Florentino Pita Casal, D. Manuel García Seijas e D. Jesús Puentes Pereira.

Varios destes directivos foron por todas as casas de Narahío para solicitar unha axuda económica

para levar a cabo a compra do campo que anteriormente se reseñaba, sendo a resposta da veciñanza moi positiva. Posteriormente levaron a cabo coas súas propias mans as obras correspondentes (adecentamento do campo, construción das casetas, pozo, etc.) entre este directivos e outros veciños/as da parroquia, dedicándolle moitas horas do seu tempo.

Finalmente, o 25 de outubro dese mesmo 1971 acórdase o nome de Ladra López para o campo e as cores da indumentaria (camiseta e pantalóns azuis).

Delfina Pita Torrente é a viuva do 1º Presidente **Manolo Soto**, os cales rexentaban a famosa Taberna de Manolo, enfrente a Café Bar Eladio. Ela recórdanos como eran aqueles primeiros tempos:

“ Antes de existiren os primeiros vestiarios no campo de fútbol, os xogadores viñan a cambiarse á nosa casa, tanto para adestrar coma nos partidos. Eu era quen lles lavaba a roupa, sempre dunha forma economicamente desinteresada. Cando remataban os partidos e adestramentos, viñan para a nosa casa e algún nunca tiñan presa por írense para as súas casas”



Entrevista a Julio Santos

Julio Santos é unha desas persoas que toda entidade social necesita en algún momento para dar un paso adiante. A súa iniciativa e arduo traballo desinteresado, levaron á entidade a dotarse dunha infraestrutura propia e a dar pasos nos primeiros anos como entidade federada.

P: Cómo foron os primeiros pasos para a construción dun campo de fútbol en Narahío?

R: Cando fun elixido Presidente do clube, había un terreo de xogo normal, pero o que se precisaba era outra cousa. O pobo de Narahío e o seu equipo necesitaban algo moi distinto. E puxémonos mans á obra. Todo o pobo colaborou, sen excepción. Recordo que para acometer a obra trouxen un traballador por-

tugués que sabía facer algo de todo, que despois trouxo á súa familia tamén para Narahío, e que foi moi ben acollido aquí, como é todo o mundo.

P: E o proceso de facerse coa titularidade do mesmo?

R: Foi un proceso complicado porque cando solicitei a documentación do terreo comprobamos que o sr. Párroco, que era o Vicepresidente do clube, o tiña escriturado a nome del, debido a que había unha débeda pendente. Entón para saldar esa débeda que abría a porta a facernos coa titularidade do terreo e desbloquear a situación, e como coñecedor que eu era do pobo de Narahío, solicitáronse aportes voluntarios entre a poboación e en dous días xuntamos os cartos.

P: Cómo se foi dotando de servizos dito terreo?

R: Cando quixemos traer a corrente eléctrica, como había que traela dende moi lonxe, tivemos que facer fronte a construción dun transformador, para o cal houbo que comprar outro terreo a unha veciña, decisión acertada grazas a cal hoxe hai un campo da festa. Foi pasando

o tempo e tiñamos vestiarios, pero non local social nin cantina. E afrontamos tamén ese 2º proxecto. Eu quixen levar a cabo un proxecto máis ambicioso que o que se fixo, pero por distintos motivos foi imposible.

P: Cal é a túa valoración xeral do teu paso pola UDC Narahío?

R: É moi positiva, Porque o pobo de Narahío axudoume moito, tanto no económico coma no sociodeportivo. Nunca cobramos nin unha peseta por nada, eramos unha piña e fixen canto estaba na miña man para o progreso do mesmo. Incluso cheguei a comprar un coche familiar para levar aos xogadores dun lado a outro. Daquela podía facelo, e fíxeno.

P: Queres engadir algo máis?

R: Gustaríame aproveitar esta oportunidade que me brindades para agradecer expresamente a todo o pobo que naquel momento me botou unha man e que co paso dos anos axudou ao mantemento e crecemento desta entidade. Este pobo debe estar sempre orgulloso de ser como é e de ter a día de hoxe unha entidade deportiva e cultural coma a UDC Narahío.



1975
Durante estes primeiros anos de andanza, todos eles na 2ª rexional, a UDC Narahío atópase con clubes dun prestixio xa demostrado por aquel entón coma poden ser o C.D. Endesa As Pontes, Meirás C.F., C.C.R.D.Perlío, Galicia de Mugarbos, S.D. Cedeira, UD Piñeiros e Eume Deportivo, entre outros, entidades que daquela alternaban esta categoría con outras superiores.

De pé: Gerardo, Lecio, Cordobés, Redondo, Japonillo, Valilla. Agachados: Castro, Taino, Arturo, Cobelo, Francisco.



1977
De pé: Fraga, Julio, Lecio, Taino, Luis, Juan, Cobelo, Olegario. Agachados: Veiga, Mundo, Lamas, Lagoa, Soto, Pepiño.

Begasucegsa

Piñeiro, 1 - Maniños - 15520 Fene (A Coruña) Tel/Fax: 981 360 220 info@begasucegsa.com



Vázquez
Garzón S.L.

Recogida de Basuras
Limpieza Viaria
Lavado de Contenedores
Jardinería



Limpiezas
LA UNIÓN

Comunidad de vecinos
Locales Comerciales
Edificios Públicos
Garajes, etc

C/ Raxel 12 Bajo. 2B - 15630 Miño (A Coruña)
Tel / Fax: 981 782 206 • vazquezgarzon@vazquezgarzon.com




MADEIRAS LAMAS S.L.

- Madeira de Pino Tratada en Autoclave para Exteriores
- Venda de Leña Seca (Garantizado)
- Venda de estacas de eucalipto tratado

Forxas 18, Narón
Telf: 981 39 18 19
Fax: 981 38 82 18
www.madeiraslamas.net
info@madeiraslamas.net

tomymobile.es

vehículos multimarca



Avenida de Galicia - As Pontes - 672 042 067 - 638 247 629



1978-1979

De pé: Luciano, Veiga, Fraga, Lamas, Luís, Lecio, Redondo, Juan, Joseño, Pancho.
Agachado: Olegario, Soto, Luís, lamela, Pouso, Cobelo, Floro.

Do empuxe inicial levado a cabo na federación do clube pode dar fe a constitución dunha Xunta Directiva formada por 20 membros en 1974, dirixida por **Julio Santos**, así tamén como a de 1978, presidida por **Luciano Vigo Mera**.

Na tempada 1982-1983, foi o último ano que o clube tivo xuvenís. Destacar o grande esforzo dos directivos, pois tiñan que ir buscar a todos os xogadores (moitos deles de lonxe de Narahío) nos seus coches tanto para adestrar

como para xogar os partidos. Na tempada 1986-87, a UDC Narahío non inscribiu equipo para a competición da 2ª Rexional polos motivos aducidos na acta: "... o explicar o porque da non participación do equipo na competición



1978-1979

De pé: Pancho, Veiga, Juan, Lecio, Lamela, Luís, Gil, Redondo, Cobelo, Alvariño, Fernando.
Agachados: Luciano, Olegario, Meizoso, Pouso, Castrillón, Lagoa, Lamas, Mundo, Loira, Jesús Puentes.

Joyería - Relojería
NOVOA
 Taller Propio
 Teléfono 981 380 393
 Coto, 34 - NEDA - La Coruña

*Berros
 do Castro*
 Grupo de música tradicional
 Tel: 981 765 438 / 629 498 211
 berrosdoastro@gmail.com
 facebook.com/berrosdoastro

Mesón
O Forno
 TAPAS VARIADAS
 Vista Alegre, 2 - Doso Narón
 Telfs.: 620 343 572 / 659 939 710

Café Bar
Eladio
 Naraio - San Sadurniño
 Telf.: 981 491 247 - 628 080 289

**BAR
 GRAÑA**
 Cruz do Pouso nº 9, NEDA
 TELF.: 981 34 71 63



U . D . C . N A R A H I O 2 0 1 3 - 2 0 1 4

ROCHA-AREAS
 PIROCTENIA
José Antonio Lago
 Representante de Zona
 620 926 898
 981 362 575

**BAR
 O CAMPO**
 Lg Piñeiro, 10- Naraio 981 491 248

Carpintería
YANEZ HERMIDA
 ARMARIOS
 MUEBLES
 COCINAS
 ESCALERAS
 TARIMAS
 PUERTAS
 FRISOS
 BARNIZADOS
 Lugar Vidueda, 14 - Nave 5
 San Sadurniño 9878 40 31 54
 yanezhermida@hotmail.com

oitomil

OCIO E AVENTURA
 www.oitomilaventura.com
 Telfs.: 636 874 574 / 649 797 878

BAR XAYDA
 Camiño grande 20, Igrexafeita 981 49 05 80 / 626839 398

Casa
CASAL
 15580 San Sadurniño - Telf.: 981 490 690



Xuvenis 1980-1981
De pé: Ramos, Díaz,
Amador, Carlos, Anca,
Secundino, Lagoa
Agachados: Benxamín,
Severo, Caaveiro, Jeronín,
Per???



1980
De pé: Luis Angel,
Luis, Pablo, Lecio,
Fraga, Japonillo,
Lamas.
Agachados:
Redondo,
Castrillón, Luis,
Maceiras, Soto.



1980
De pé: Alvaríño, Javier,
Lecio, Pablo, Lamela,
Mundo.
Agachados: Lamas,
Luis, Andrés, Fraga,
Castrillón.



Jijios Bois

da liga, sendo o motivo a non aparición de directiva no prazo imposto pola Federación Galega de Fútbol”

Á tempada seguinte volveuse a inscribir ao equipo nesta competición, sendo Presidente **Secundino García Casal**, e procedendo a unha modificación dos Estatutos, modificación argumentada na existencia de certos preceptos estatutarios

máis propios de tempos doutro réxime que de mediados dos 80 e co obxecto tamén de inscribir a UDC Narahío no Rexistro de Entidades Deportivas na Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

En 1995, sométese á Asemblea Xeral unha proposta do Secretario Xeral para o Deporte **Eduardo Lamas** no sentido de traspasar a tit-

ularidade do campo de fútbol ao Concello coa intención de que a Xunta de Galicia acometese unha inversión de mellora na instalación para a súa conversión en Campo Municipal.

Despois dun duro debate, a proposta non foi aceptada e a instalación sigue sendo de titularidade do clube ata o día de hoxe.

No ano 1996, un grupo de rapaces da parroquia crearon un grupo de animación na bancada, os cales se facían chamar “**JINIOS BOIS**”, que con pancartas, bombos e cánticos apoiaban ao equipo, e que acompañaban ao equipo tanto nos partidos da casa coma nos desprazamentos.)

No eido deportivo, como conse-

cuencia dunha reestruturación das categorías de competición provincial e do e o nacemento de novas entidades deportivas xurdiu a creación dunha 3ª Rexional no 1992, categoría na que caeu o noso clube a causa de ocupar no ano anterior postos na metade inferior da táboa clasificatoria. Dende ese ano, a UDC Narahío ven alternando a súa participación entre a

2ª e a 3ª rexional, con resultados calificadorios dispares. Os logros deportivos máis importantes foron a consecución de tres ascensos a 2ª Rexional nas tempadas 1996-97, 2001-02 (estas dúas con Lamela como técnico) e 2011-12, un subcampeonato de Copa de 3ª Rexional en 1997 e unha semifinal perdida no tempo de desconto contra o Perlió en 2008, nun ano en



1981
De pé: Maceiras, Jeronín, Soto, Alfonso, Pablo, Enrique ., Luis Angel.
Agachados: Ramos, Lamas, Juan, Luis, Angel



1982
De pé: Luciano, Iagoa, Gelin, Lecio, Pablo, Jorge, Daniel, Enrique.
Agachados: Ramos, Luis, Lamas, Juan, Jeronín.

1983
De pé: Anca, Juanjo, Gelin, Jorge, Japi, Soto, Ramos, Alberto, Lamas???.
Agachados: Pepe, Díaz, Benxamín, Juan, Perille, Cascudo, Luis.



1984
De pé: Alberto, Lamela, Pablo, Del Rio, Vigo, Carlos, Lecio, Anca.
Agachados: Jorge, Piti, Juan, Roberto, Jeronín, Suso

que a final se disputaría en San Sadurniño e onde a copa era disputada por todos os equipos da comarca dende Preferente a 3ª Rexional.

Co paso dos anos, o número de xogadores nados na parroquia é menor e o equipo ano tras ano vense completando con xogadores residentes por toda a comarca. A tarefa de acadar un equipo de xuvenís dende os 90 nunca chegou a frutificar, a pesares de darse varios intentos para o cometido.

No 2004 acordouse, conxuntamente coa Asociación Veciñal O Castelo, a construción dun novo

Local Social que servira de base para as actividades das dúas entidades sociais da parroquia e no 2010 acórdase tamén facer unha obra de envergadura no Campo de Fútbol, consistente no levantamento do manto vexetal, colocación de drenaxes e de rego automático e que supuxo un enorme esforzo económico para o clube, que tamén traballou para a consecución de axudas institucionais para este fin.

Manuel Ángel López Pita é a persoa encargada de levar o mantemento do campo de fútbol nos últimos anos e tamén a máis autorizada para falar das características

intrínsecas do mesmo e de como se levou a cabo dita reforma. Argumenta que *“este campo de fútbol tivo sempre o mesmo manto vexetal e agora era a 1ª vez que se acometía unha actuación no mesmo de tal envergadura. A pesares de facer fronte a unha forte inversión para o que é a nosa entidade, moitos de nós botamos moitas horas do noso tempo axudando e xestionando na realización da mesma. Hai cousas positivas no resultado da obra e outras que non o foron tanto, pois os problemas cos que nos viñamos atopando todos os invernos non foron solucionados de todo.”*



Un feito característico desta entidade é o gran número de persoas que foron o mesmo tempo xogadores e directivos do Clube ou xogadores e adestradores, o cal da conta das longas traxectorias vitais de moitos deste dentro da estrutura da entidade.

No dato 2004, como nova fórmula de financiamento da entidade, acordouse organizar un Maratón de

Tute, que no ano 2013 xa celebrou a novena edición. Cabe destacar que hoxe en día e o torneo de Tute máis grande que se organiza en toda a Comarca, algo que é posíbel grazas a ese melloramento das instalacións que antes comentabamos. Temos que agradecer a todas persoas que desinteresadamente colaboran na organización do mesmo, que significa unha importante fonte anual de

ingresos no cómputo total do orzamento da entidade.

Na actualidade, a UDC Narahío compite na 2ª Autonómica dentro do grupo de Ferrolterra, loitando pola salvación da categoría cun grupo dunha media de idade moi baixa, adestrado por **Germán Amil** e cunha Xunta Directiva composta polos seguintes membros:

Ver páxina seguinte

1984-1985
De pé: Seijas, Juanjo, Nito, Alberto, Lecio, Lamela, Anca.
Agachados: Jorge, Carlos, Piti, Jeronín, Luis, Susín.



1989
De pé: Jarrillo, Miguel, Cable, Marcos, José, Nito, Vigo, Manuel Angel, Secundino, Xan.
Medio: Lolo, Carlos, Piñón, Fernando, Jeronín, Carlos.
Agachados: José María, Soto, Pepiño, Carlos, Fernando, Lisardo, Benxamín, Toñito.



Presidente:

Xesús M. Soto Vivero.

Vicepresidente:

Miguel Angel Novoa Tuimil.

Secretario:

Jerónimo López Prieto.

Tesoreiro:

Francisco Durán Bermúdez.

Vocais:

Manuel Ángel Vigo Mera,
Manuel Ángel López Pita,
Javier Castro Vega,
Oscar Carballo López,
Sergio Rodríguez Casal,
David García Díaz,
Carmen García Pita,
Luis Rey Fernández e
Álvaro Pantín López.

Esta publicación está dedicada a todas aquelas persoas que durante máis de 40 anos fixestes posíbel a supervivencia desta pequena entidade a base do esforzo e traballo desinteresado levado a cabo en distintos momentos históricos e nos diferentes contextos inherentes a cada un deles. O feito de que nesta publicación vaian citados acontecementos e feitos determinados na historia con nome e apelidos dalgúns dos seus protagonistas, non significa que caia no esquecemento o recordo por todos os que estiveses aí.

Moitas grazas.

1986-1987
De pé: Carlos, Xan, Márquez, Pablo, Secundino, Manuel Angel, Nito, Japi, Vigo, Pepiño, Benxamín.
Agachados: Lolo, Jeronín, Carlos, José, Lisardo, Piñón, Lecio, Lameira.



1992-1993
Arriba: Mesí, Nito, Lamela, Luis, Pouso, Alfonso, Carlos, Carballeira, Río.
Agachados: Loliño, Jeronín, Cascudo, Lisardo, Amador e Suso.



ENTREVISTAS



Entrevista a Lamela

Manuel Uceira Calvo, futbolisticamente coñecido por Lamela, foi sempre unha persoa moi peculiar dentro do ámbito do fútbol de Ferrolterra. Un home que trasladaba sensacións distintas dependendo si estaba no terreo de xogo ou fóra do mesmo, con recoñecementos varios entre rivais e colectivo arbitral, pero que deixou un doce sabor en aqueles que puideron compartir vestiario e ter unha relación máis estreita con él. Foi un xogador de características moi variadas e un adestrador que en Narahío deixou pegada polos seus sistemas de xogo ultraofensivos, mediante os cales conseguiu dous ascensos a 2ª rexional e unha final da Copa de 3ª. Eiquí as súas reflexións:

P: Despois do teu paso polas ligas da provincia de Lugo, recalaches na UDC Narahío para deixar pegada na comarca de Ferrol, tanto como xogador coma adestrador. Que é o que máis destacarías de cada unha destas responsabilidades no teu paso pola entidade?

R: A acollida que ten calquera que chegue a este club. Eu cheguei para xogar no equipo xuvenil a finais dos 70. Eramos un conxunto que competía a moi bo nivel. Pouco máis tarde empecei a alternar o equipo xuvenil co senior, que xogaba na Liga da Ría, rápido me fixeron entender que o balón había que compartilo porque eu daquela non o tiña moi claro. Non tardei en fichar no Perlío, que intentaba subir a rexional preferente, situación que acadamos bastante antes de remata-la Liga. De adestrador empecei de xeito accidental, nunha eliminatoria de Copa fronte ó Cedeira na que conseguimos pasar de rolda. Tiven comigo varios rapaces con moita calidade, que foi unha pena que non tiveran a oportunidade de xogar en equipos de moi superior categoría.

A parte negativa era a escaseza de xogadores, que mesmo nos levou a

xogar moitas veces cun xogador de campo de porteiro. Foron moitos anos adestrando, e sen dúbida debería telo deixado moito tempo antes.

P: O feito de dedicarte nestas distintas facetas dentro do fútbol afeccionado, cales pensas que foron os cambios máis destacados que se deron no funcionamento deste deporte na comarca de Ferrol? E en Narahío?

R: A nivel federativo, ningún. Coido que segue a ser "codirixido" polos tres ou catro clubes de referencia. O fútbol da comarca vese moi afectado pola economía en xeral, e non é de agora, xa dende o ano 84 coa reconversión naval e que parece que vai seguir de xeito vitalicio. Non había clubes na comarca que non contara na súa directiva ou no cadro de xogadores con traballadores dos asteleiros.

É paradoxico que Narón, que ten pouca menos poboación que Vilarreal, non da mantido un equipo na Rexional Preferente, mentres que Vilarreal ten un equipo punteiro na primeira división. A diferenza é só económica.

Tampouco axuda nada a boa saúde do fútbol afeccionado que o domingo poñan na televisión partidos de 1ª división as 4, 6, 7 e 9 da tarde do domingo.

En canto ó Narahío, o cambio fundamental está nas instalacións do club. Cando eu cheguei case non se podía adestrar de noite pola falta de luz eléctrica e despois era difícil tomar un refresco sen mollarse. Vaia cambio! E ten máis mérito porque ata fai moi pouco tempo non había ningunha aportación das institucións, nin locais nin provinciais, só o apoio da parroquia. Parece increíble que podan ter esas instalacións en propiedade.

P: En Narahío tense unha percepción de ti coma unha persoa nada individualista e que sempre fixeches o necesario dentro das túas posibilidades para o beneficio do colectivo, e isto foi así ata a túa renuncia na tempada 2003-04, onde non vías o camiño de reconducir o equipo ante a mala situación na que se atopaba. Que podes comentar ante isto?

R: O que máis destaco no meu paso polo club non son nin os ascensos nin as finais, senón a competitividade que había nos primeiros anos. Tiñamos baixóns importantes, pero a maioría

viñan dados por un curto cadro de xogadores que mesmo nos levaba a aliñar a varios xogadores en postos que non lles eran nada familiares.

Outro punto fundamental para o bo funcionamento durante un tempo era que faciamos xogar a tódolos convocados, aínda que esa decisión nos levase a perder partidos. Para nós o máis importante era facer equipo.

Pero estar tantos anos adestrando ten un prezo. Chega un momento en que o adestrador perde a confianza dos xogadores, e estes tentan modificar aliñacións, tácticas e estratexias. Pensas que te deberías ter ido moito antes.

P: Finalmente, pódenos facer unha breve valoración xeral de todos os anos que pasaches no Narahío?

R: Pasei por varios equipos tanto da comarca de Ferrol coma da provincia de Lugo, pero o trato familiar e o compañeirismo que atopei en Narahío é incomparable. Podería citar a moita xente do club e da afección con valores de verdade, sen finxir.

Tanto as diferentes directivas como a afección tratan sempre de dar a mellor acollida os xogadores e mantense no tempo, non e algo puntual.

Toda a xente que traballou e traballa no club sabe que vai a ter escasos medios para desenvolver a súa labor, pero aínda así 40 anos despois fan moi grande a historia do equipo dunha parroquia que sempre compite con dignidade con clubes que representan concellos moi grandes.

Cadro de Presidentes

TEMPADA

1971-73	Manuel Soto Álvarez
1973-77	Julio Santos Rodríguez
1977	Julio Otero Fernández
1977-78	Fernando Álvarez Mera
1978-79	Luciano Vigo Mera
1979-84	Andrés García García
1984-86	Lisardo López Galdo
1986-87	Juan José Galdo Soto
1987-95	Secundino García Casal
1995-2000	Juan Carlos Galdo Paz
2000-2013	Manuel Ángel Vigo Mera
2013	Xesús M. Soto Vivero



1995-1996
Arriba: Lamela, Miguel, Vilarino, Jeronin, Francisco Soto, Alfonso, Carballeira, Pepino, Magin??.
Abaixo: Juancho, Loliño, Carlos, Oscar, Benxamín, Suso e Carlos Pedreira.



Final Copa 96-97
De Pé: Loira (Colaborador), Lamela (adestrador), Nacho, Basoa, Geluco, Pachi, Fran, Pepino, Vilarino, Carlos Galdo, Carlos Pedreira, Vigo (Presidente), César Galdo, Benxamín, Secundino, Bruno. Agachados: Alejandro, Alexandro da Coruxa, Toñito, Pablo, Víctor, Geronin, Héctor, Rogelio.



1997-1998
De Pé: Vigo (delegado) Julio, Rubén, Gustavo, Pachi, Jorge, Lucas, Carlos, Pedreira, Vilarino, Lamela, (Adestrador) e Loira (directivo)
Abaixo: Víctor, José, Nacho, Fran, Ramiro (directivo), Carlos, Óscar, David e Pepino (directivo)



1998-99

Arriba: Loira (Directivo), Julio, Lucas, Pachi, Jorge, Lamela (Adestrador), Víctor, Fran, Suso, Rafa, Pepiño, Vigo (Delegado).
Sentados: Oscar, Manuel, Carlos Pedreira, ..., David, Nacho e José. Manuel Vigo.



2004-05

Arriba: Manuel Angel (Directivo), Loira (Directivo), Vigo (Presidente), Padín (Colaborador), Agustín, Luis (Delegado), Jota, Alejo, Alberto, Casal, Xelo, Toñico, Carba, Javi, Pedro (Adestrador).
Agachados: José (directivo), Ramiro (directivo), Jorge, Oscar, José, Suso, Duscher???, Ríos, Emilio, Fran, Nacho.



Semifinalista de copa
2007 - 2008

SEMIFINALISTA DE COPA
Casal - Suso - Xelo - Jota - Carba - Javi - Alberto - David - Luis -
Pena - Moncho - Oscar - Goñi - Pablo - Blas - Alejo - Pina



Entrevista a Lamas

Fernando Lamas era un deses xogadores que nunca deixan indiferencia alá por onde pasan, e aquí non puido ser menos. Carácter, forza física e intelixencia eran tres das características que máis o marcaban. Era peculiar nas súas relacións dentro do terreo de xogo. Coméntase que era moi común un comentario que lle facía ao seu compañeiro na zaga do equipo: " Si lle imos dar para riba ao balón, non leves o mesmo á banda, dama a min que a saco mellor". Toda unha declaración de intencións.

P: Ti es unha desas persoas que pasou por esta entidade deixando a súa pegada tanto como xogador como de ade-

strador. Que destacarías de cada un deses períodos?

Disfrutei das dúas. Como xogador (sete anos) tivemos tempos de éxito e outros menos xa que a competición tiña alto nivel. Daquela competiamos con equipos que hoxe son de terceira (As Pontes, Somozas) e Preferente e Primeira (Val, Naron-Piñeiros, Mugardos, Eume, Perlío, Meiras, Maniños...). Normalmente estabamos nun posto próxima a eles competindo sempre pero perdendo logo sempre.

Como adestrador (tres anos) estiven nunha etapa ilusionadora cun equipo moi novo (Gelín, Juanjo, Juanciño, Anca, Jorge, Schuster, Soto de Igrexafeita, Moisés, ...) complementado con tres veteranos que daquela alcanzaban un moi bo nivel (Manolo Soto, Couce, Cascudo). Si teño que clasificar as tres tempadas diría BOA, MEDIANA, MALA. Hoxe non mudaría ser xogador por ser adestrador.

P: Supoño que estarás de acordo que as condicións materiais (instalacións, equipamentos, etc.) para a práctica deste deporte melloraron moito co paso dos anos. Como eran esas condicións na UDC Narahío dos teus tempos?

Roupa cativa, campos ruíns, balóns doentes e por si non era dabondo o



Entrevista a Vigo

Manuel Angel Vigo Merá é unha desas persoas que todo clube necesita para a súa supervivencia. Todos os que o coñecen saben da súa implicación, traballo e dedicación durante máis de 30 anos á nosa entidade, os 13 últimos coma Presidente, historicamente o máis lonxevo neste cargo. Para Vigo, a UDC Narahío sempre foi máis que un pasatempos, sempre foi unha parte moi importante da súa vida e así o sigue sendo.

P: Máis de 30 anos, primeiro como xogador, e despois sempre en postos directivos. Porque non en postos técnicos?

R: Sempre considerei que despois de deixar o fútbol, tiña que dedicar a miña colaboración a estar sempre pendente de que adestradores e xogadores non lles faltase de nada para levar a cabo os seus cometidos.

P: É de supoñer as dificultades inherentes a presidir un clube coma éste do medio rural, con escasos medios económicos e cunhas instalacións propias que se manteñen co traballo diario desinteresado da xente. Como se leva?

R: Pois vaise levando. Está claro que nunca se conta coas vantaxes da xente que traballa en instalacións municipais, pero que este todo da nosa man fai que o traballo sexa máis gratificante e tamén promove en maior medida máis colaboración e axuda por parte de todos os membros das directivas, socios e veciños en xeral.

P: Con que te quedas da túa andanza en todos estes anos? Algún resultado deportivo?

R: Esta entidade non foi nunca de moitos éxitos deportivos, pero a estes niveis, onde todo se fai por vocación e dun xeito economicamente desinteresado, o verdadeiro éxito foi sempre ser capaces de confeccionar verdadeiros

acabar tiñamos que ducharnos en auga fría. Na Veiga había un cristal xeado no depósito que non se ía en tres meses.

P: Ti que eras tamén un xogador cun forte carácter no terreo de xogo, como é ese carácter a día de hoxe, dende o teu punto de vista, no fútbol modesto e de base actuais?

Daquela era imprescindible ter certo carácter xa que podías recibir ameazas e algún pescozón en calquera campo. Era fútbol moi presionador, moi físico. Eu creo que agora as salas de divertimento cerran moi tarde (no meu tempo ás dúas da mañá) e deitándose as nove da mañá non hai cristiá que xogue.

P: Finalmente, como valoras a celebración dun evento coma o do día 26 de abril, onde moitas persoas que coma ti desenrolastes parte das vosas vidas, dende o punto de vista social, dentro desta entidade, e agora tedes a posibilidade de volver a reencontraros en moitos dos casos despois de anos sen contacto de ningún tipo?

Paréceme unha iniciativa ilusionante por darnos ocasión de saudar vellos amigos. Penso que tamén é relevante a posibilidade de axudar o equipo actual na parte económica que dito sexa de paso nunca estivo moi forte.

grupos humanos que van máis alá do deportivo e que incluso axudan a un a facer máis leveiro o día a día. E un éxito tamén é que cando esta entidade quixo levar a cabo un evento de certa repercusión social, sempre puidemos contar coa axuda de moita xente que non vive tanto o día a día da entidade. Son as principais motivacións que me movern a continuar traballando coa mesma ilusión de sempre.

P: Como persoa con acreditado prestixio para opinar sobre o tema, como cres que se pode orientar o futuro dunha entidade deportiva coma esta, asentada nunha zona rural onde apenas saen futbolistas para o equipo?

Pois esa é unha circunstancia que se ven dando aquí e que tamén percibo noutros lares coma na Capela, Mandiá, Moeche, etc. Iso que denominan "pirámide invertida da poboación" tamén ten as súas consecuencias no eido futbolístico, e a realidade, e que actualmente no equipo só queda un xogador con raíces na parroquia. Pero isto do fútbol afeccionado tamén serve para establecer relacións persoais que son as que te levan a ter un camiño andado á hora de traer xogadores, como así ten sido tamén no pasado.



comunicación | audiovisual
fotografía | imaxe aérea | redes sociais

info@entremedias.eu
www.entremedias.eu
f /Entremediascomunicacion
t @_Entremedias
Tel. 619 805 061



A Garita s/n.
As Somozas
Telfs.: 981 404 355
679.957.780
Fax: 981 404 498
info@guerreirosomozas.com
www.guerreirosomozas.com



A Bidueda, 13
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Telf.: 981 490 039 / Fax: 981 490 400
www.metalfra.com



Avda. del Mar, 17 Bajo 3 - CARANZA
15406 Ferrol (A CORUÑA) Telf. 981 948 104



981 38 24 91
NARÓN

ASCENSO



COPAGRO

Sociedade Cooperativa Galega
LG. de Riobó, s/n. Meirás 15.550 - Valdoviño
Tel.: 981 485 468 | 981 485 366
Fax: 981 485 235
E-mail: copagro.pedidos@gmail.com

 <p>A COOPERATIVA DE MEIRAS ao servizo DOS SOCIOS e CLIENTES dispón:</p>		
<p>SECCION DE CREDITO: Con oficinas en Meirás e Narahío Cubrimos as súas necesidades "financieiras" (prestamos, transferencias, domiciliacións, tarxetas...)</p>	<p>SECCION DE SUPERMERCADOS E AGROTENDAS: Con locais en Meirás, Narahío, San Mateo e San Sadurniño. Ao seu alcance todo o que precisa para o campo e o fogar. Ampla gama de produtos de alimentación, droguería, enxoval, roupa do fogar, a prezos moi competitivos.</p>	
<p><small>CONSULTE NAS OFICINAS</small></p>	<p><small>ABRIRSE CON MOCHAS BICAS CONTRAS</small></p>	



San Sadurniño

www.sansadurnino.es